

# Emprego digno Non á precariedade

O vindeiro 10 de marzo comemora-se o 29 aniversario das importantes loitas que a clase obreira galega librou en 1972 contra a ditadura franquista, e a prol dunhas mellores condicións laborais e da liberdade de Galiza. A tensa situación existente estoupou na factoría Bazán cando a represión patronal e policial se cebou nos operários, deixando dous mortos e varios feridos. Os traballadores protestaban contra a imposición dun convenio interprovincial, xa que eles querían un que abranxese só o estaleiro de Ferrol. A solidariedade estendeu-se axiña ás demais cidades galegas, especialmente Vigo, que en setembro dese mesmo ano sería centro de importantes loitas laborais.

Nestes anos algunhas daquelas reivindicacións foron conseguidas despois de mobilizacións e loitas nas que a clase obreira galega deu o mellor de si; outras seguen esperando. Entre estas últimas, unha Galiza plenamente soberana, a normalización lingüística e unha sociedade máis equitativa e solidaria.

Hoxe, mentres as empresas aumentan desmesuradamente ano a ano os seus beneficios, como contrapartida, existe unha alta taxa de desemprego, un 14,5% (o dobre nas mulleres que nos homes), deterioración das condicións contractuais, un 35,2% de eventualidade (un 63% entre os menores de 30 anos), e a emigración de novo fai que se perda unha parte da man de obra tan necesaria para construír país e producir riqueza. Esta situación negativa, noxenta, foi favorecida polos pactos sociais e a submisión do sindicalismo de ámbito estatal en Galiza ás políticas ditadas desde Madrid.

Así mesmo, resulta preocupante a degradación da natureza, que se considere todo como unha mercadería e un negocio mesmo pondo en perigo a saúde das persoas, a redución da participación cidadá aos procesos eleitorais, a potenciación do individualismo e máis o medre da represión contra os movementos sociais e o nacionalismo.

Malia este marco difícil, a clase obreira deu durante os últimos anos importantes loitas, a fin de mellorar as condicións laborais ou contra a pretensión de peche ou privatización de empresas. Por exemplo, nestes días temos que salientar as mobilizacións que realizan os traballadores e traballadoras de SINTEL, "061", Transportes La Unión, empregados e empregadas públicos, mariñeiros do banco canario-saharauí, etc. Pensamos que este é o único camiño para conquistar xustiza social!

Desde a CIG coidamos que o combate contra tipo de precariedade é fundamental; por iso, propomos, entre outras medidas, as seguintes: un salario social para todos aqueles parados sen ingresos económicos; redución da xornada laboral a 35 horas; aumento da cobertura do seguro de desemprego; eliminación das ETTs...

**MANIFESTACIÓN EN FERROL ÁS 11,30H. SAIDA DA AVENIDA DE ESTEIRO (FRENTE AO LOCAL DA CIG)**

10 de marzo  
dia da clase obreira galega

